

## Tradución ao galego de “Los poetas gallegos” de Antonio Hernández

por LAURA PAZ FENTANES

“Los poetas gallegos” é un poema laudatorio do poeta, novelista e ensaísta gaditano Antonio Hernández Ramírez ós poetas galegos. Particularmente, o autor compuxo esta poesía tras u relatorio de Claudio Rodríguez Fer sobre poesía galega, o seu recital poético e o dos tamén poetas galegos Arcadio López-Casanova, Manuel Vilanova e Xavier Seoane en 1985. Tanto os catro poetas galegos como o andaluz puideron coincidir en Pendueles (Asturias) grazas á primeira convocatoria dos Encuentros de Escritores y Críticos de las Letras Españolas en la Casona de Verines, que organiza dende 1985 a Dirección General del Libro, Fomento de la Lectura, a Universidad de Salamanca e que, ata o ano 2015, tamén contaban coa colaboración do Principado de Asturias. Neste espazo cultural foi no que Claudio Rodríguez Fer e os tres restantes poetas galegos inspiraron a Antonio Hernández para escribir o seu poema “Los poetas gallegos”. Esta composición debeu de ser entregada en man polo propio autor a Claudio Rodríguez Fer despois de ditas intervencións.

Tres anos máis tarde, o poeta gaditano incluíu a composición no seu poemario *Campo Lunario* (Madrid, 1988). Ademais, unha mostra máis da benquerenza por este poema por parte do propio Antonio Hernández é que o incorporase á súa auto-antoloxía, un tipo de colección onde adoitan reunirse os poemas máis importantes de ou para un autor. Así pois, *Distancia que regresa (Antología poética 1964-2014)* (Madrid, 2015) inclúe tamén o seu poema “Los poetas gallegos”. Finalmente, na poesía completa do autor, reunida baixo o título de *Insurgencias* (Madrid, 2010), volve a recollerse o poema.

En todas as reproducións, o poema recolle uns versos galegos que o andaluz lle escoitou no recital a Claudio Rodríguez Fer. O poema do que forman parte é “A cabeleira”, publicado por vez primeira na revista *Grial* no ano 1985 e incluído no libro *A boca violeta* en 1987. Máis tarde, foi traducido ó ruso e ao bretón. A primeira edición políglota de “A cabeleira” tivo lugar no número 1 de *A tola soñando* (Santiago de Compostela, 1995); edición ampliada en *A cabeleira (Poema en 35 idiomas)*, publicada en 2015, e, tras presentarse en diversos recitais multilingües en Galiza e en Nova York, en *A cabeleira (Poema en 60 idiomas)*, publicada un ano máis tarde. Actualmente o poema está traducido xa a 65 linguas. Así mesmo, a poesía foi inserida nas compilacións poéticas do autor *Vulva* (Lugo, 1990) e *Amores e clamores (Poesía reunida 1973-2009)* (Santiago de Compostela, 2011).

A continuación ofrécese a transcripción do poema orixinal mecanografado e a súa tradución, por vez primeira, ó galego.

## LOS POETAS GALLEGOS

Síntome de stirpe daqueles pobos  
nómades que nunca se constituíron en estado.

CLAUDIO RODRÍGUEZ FER

Los poetas gallegos llegaron con un eco de neblinas y ausencias.  
Venían del amor y de su sed marcada de vagar por la tierra.  
Los poetas gallegos traían el aroma de una nostalgia impresa  
y sabían que nada los haría distintos de la errancia que eran.  
Hombres, o semidioses en escalar montañas y vadear los ríos,  
procedían de un cuento, de una leyenda celta o el asombro de un niño.  
Hablaban musitando con música en el habla o en la palabra un mirlo  
y en el aire dejaban una melancolía de argonautas perdidos.  
Fueron siempre las alas de la tierra estos hombres con aura de saloma.  
Las ventanas del mundo en su lar finisterre de niebla y negra sombra,  
rendijas de misterio, ojo de los secretos y clave de la fórmula,  
los poetas gallegos con su idioma de lluvia y campanas remotas.  
Saber su sino viejo es el don de los seres que arden como su stirpe  
y ellos son de la luna, su manto de maíz multiplicando lindes.  
Pueblo que en todo canta, no se fundó en estado sino en estela libre  
que abrazaba los mares, los bosques y colinas con ademán de orígenes.  
Los poetas gallegos llegaron como un sueño puro, triste y hermoso  
de no sé qué espíritu más bello que Galicia, más triste que el otoño.  
Como si provinieran de la tierna heredad que ángel hace los ojos,  
del principio del mundo, de la matriz del viento y del tiempo más hondo.  
¿Y qué querían desde su corazón poblado con hojas ya caídas  
y con hojas pujantes como pino de invierno o como la melisa?  
Amar, amar y amar a quienes los amaran era lo que ofrecían  
los poetas gallegos tristes como el otoño, dulces como Galicia.

## OS POETAS GALEGOS

Síntome de estirpe daqueles pobos  
nómades que nunca se constituíron en estado.

CLAUDIO RODRÍGUEZ FER

Os poetas galegos chegaron cun eco de brétemas e ausencias.  
Viñan do amor e da súa sede marcada de vagar pola terra.  
Os poetas galegos traían o aroma dunha nostalxia impresa  
e sabían que nada os faría distintos da errancia que eran.  
Homes, ou semideuses en escalar montañas e vadear os ríos,  
procedían dun conto, dunha lenda celta ou o asombro dun neno.  
Falaban musitando con música na fala ou na palabra un merlo  
e no aire deixaban unha melancolía de argonautas perdidos.  
Foron sempre as ás da terra estes homes con aura de saloma.  
As fiestras do mundo no seu lar finisterre de néboa e negra sombra,  
fendas do misterio, ollo dos secretos e chave da fórmula,  
os poetas galegos co seu idioma de choiva e campás remotas.  
Saber o seu sinal vello é o don dos seres que arden como a súa estirpe  
e eles son da lúa, o seu manto de millo multiplicando lindes.  
Pobo que en todo canta, non se fundou en estado senón en estela libre  
que abrazaba os mares, os bosques e outeiros con ademán de orixes.  
Os poetas galegos chegaron como un soño puro, triste e fermoso  
de non sei que espírito máis belo que Galiza, máis triste que o outono.  
Como se proviñeran da tenra herdade que anxo fai os ollos,  
do principio do mundo, da matriz do vento e do tempo máis fondo.  
E que querían dende o seu corazón poboado con follas xa caídas  
e con follas puxantes como piñeiro de inverno ou como a melisa?  
Amar, amar e amar a quen os amaran era o que ofrecían  
os poetas galegos tristes como o outono, doces como Galiza.

## LOS POETAS GALLEGOS

Síntome de estirpe daqueles pobos  
nómadas que nunca se constituiron  
en estado.

Claudio Rodriguez Fer

Los poetas gallegos llegaron con un eco de neblinas y ausencias.  
Venían del amor y de su sed marcada de vagar por la tierra.  
Los poetas gallegos traían el aroma de una nostalgia impresa  
y sabían que nada los haría distintos de la errancia que eran.  
Hombres, o semidioses en escalar montañas y vadear los ríos,  
procedían de un cuento, de una leyenda celta o el asombro de un niño.  
Hablaban musitando con música en el habla o en la palabra un mirlo  
y en el aire dejaban una melancolía de argonautas, perdidos.  
Fueron siempre las alas de la tierra estos hombres con aura de saloma.  
Las ventanas del mundo en su lar finisterre de niebla y negra sombra,  
rendijas de misterio, ojo de los secretos y clave de la fórmula,  
los poetas gallegos con su idioma de lluvia y campanas remotas.  
Saber su sino viejo es el don de los seres que arden como su estirpe  
y ellos son de la luna, su manto de maíz multiplicando lindes.  
Pueblo que en todo canta, no se fundó en estado sino en estela libre  
que abrazaba los mares, los bosques y colinas con ademán de orígenes.  
Los poetas gallegos llegaron como un sueño puro, triste y hermoso  
de no sé qué espíritu más bello que Galicia, más triste que el otoño.  
Como si provinieran de la tierra heredad que ángel hace los ojos,  
del principio del mundo, de la matriz del viento y del tiempo más hondo.  
¿Y qué querían desde su corazón poblado con hojas ya caídas  
y con hojas pujantes como pino de invierno o como la melisa?  
Amar, amar y amar a quienes los amaran era lo que ofrecían  
los poetas gallegos tristes como el otoño, dulces como Galicia.

A. Hernández